

A refraneira

Aínda hai esperanza, xa que é o último que se perde, cantas veces escoitei isto. Miña avoa sempre dicía que non hai que renderse ante nada, todo ten solución menos a morte, dicía. Ela era unha muller moi sabia, que sempre tiña un refrán para cada situación. Acórdome daquelas tardes chuviosas nas que xogabamos ás cartas e nas que nunca me deixaba gañar. O importante é participar, nena, repetíame sempre. Unha das cousas que máis me abraiaba de pequena era o coidado có que trataba os seus cultivos e semilleiros, ademais de que sempre tivera algo para cada situación. O que garda sempre ten, dicíame.

Daquelas, eu non entendía o que significaban aquelas cousas, pero agora cada vez que escoito algún deses refráns, lémbrome dela e das leccións que me deixou. Nunca as esqueceréi.

Lucía Fernández Gándara 2ºB